



Asunto: Informe de Intervención con motivo da aprobación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2016 (expte. 31-142)

Remitida a esta intervención o 15 de outubro de 2015 o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2016, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, ten a ben emitir o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 h)).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei /2015, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Segundo.- Definición e contido.

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 1 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, e que con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016 producírase a extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo por acordo plenario que se adoptará, presumiblemente, na vindeira sesión que se celebre, conforme dispoñen os artigos 164.1 TRLRFL e 6 RO, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Deste modo, a tramitación do expediente para a aprobación do Orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016 atópase condicionado á efectiva extinción dos tres organismos autónomos anteriormente citados con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016, de modo que de non producirse ésta, ou de ter lugar nunha data posterior, os acordos adoptados no presente expediente adolecerían dun vicio de nulidade.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

Terceiro.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- ✓ Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- ✓ Liquidación do orzamento do exercicio 2014.
- ✓ Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2015, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do orzamento referida a 31 de decembro.
- ✓ Anexo de persoal no que se valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
- ✓ Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.





- ✓ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- ✓ Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, asinado con data 7 de outubro de 2015 polo xefe de área de Política Social, no que comunica que na actualidade a concellería de Política Social non ten asinado ningún Convenio coa Xunta de Galicia polo que reciba financiamento para gasto social.
- ✓ Un informe económico-financieiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financieiro de gastos elaborado polo xefe do servizo de contabilidade, nos que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- ✓ Informe do Interventor de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- ✓ Informe do Interventor de Avaliación do Cumprimento da Regra de gasto.
- ✓ Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:
 - a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
 - b) Os ingresos por subvencións, contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais e outros ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
 - c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.
- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que "los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas" [Alarcón García, 1996, p.100].
- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de





capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas a éste, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun informe complementario ao presente, en particular se afectan á regra do gasto ou á estabilidade orzamentaria.

Cuarto.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

- a) Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
- b) Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

Quinto.- Prazo de presentación.

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2016, resulta previsible que a aprobación definitiva e posterior publicación no BOP teña lugar antes do 31 de decembro do presente exercicio, polo que a entrada en vigor dos





orxamentos terá lugar previsiblemente o 1 de xaneiro de 2016, se ben o citado expediente tramítase incumprindo os prazos establecidos no TRLRFL, que dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orxamento xeral para a súa aprobación inicial, enmenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos (art. 168.4 TRLRFL).

Sexto.- Equilibrio e nivelación orxamentaria.

A análise do equilibrio orxamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

a) Equilibrio orxamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orxamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orxamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orxamentos que se integran no orxamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orxamentos que integran o proxecto de orxamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orxamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	225.673.317,20	7.119.897,61	225.930.986,42
Estado de ingresos	225.673.317,20	7.119.897,61	225.930.986,42
Superávit/Déficit	0,00	0,00	0,00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orxamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.





Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2016 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERAC. CORRENTES	225.027.317,20	7.094.897,61	225.259.986,42
CRÉDITOS GASTO POR OPERAC. CORRENTES	212.899.044,56	6.710.575,19	212.747.391,36
SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	12.128.272,64	384.322,42	12.512.595,06

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC 95).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	225.027.317,20	7.094.897,61	225.259.986,42
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	222.298.397,91	7.094.897,61	222.531.067,13
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	2.728.919,29	0,00	2.728.919,29

d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da busca do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Lóxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 6 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recurrir á debeda ou á enaxenación de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso as obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)	225.027.317,20	7.094.897,61	225.259.986,42
- Ingresos correntes extraordinarios	0,00	100.691,92 (2)	100.691,92
- Ingresos correntes afectados	729.220,60 (1)	0,00	729.220,60
- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)	212.899.044,56	6.710.575,19	212.747.391,36
Aforro bruto orzamentario	11.399.052,04	283.630,50	11.682.682,54
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	2.728.919,29	0,00	2.728.919,29
Aforro neto orzamentario	8.670.132,75	283.630,50	8.953.763,25

- (1) Contribucións especiais incendios
- (2) Aportación Consorcio Zona Franca ao plan parcial de Balaídos

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite a financiación de novos gastos de capital por importe de 8.953.763,25 euros en termos consolidados.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 7 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiación.

Sétimo.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Pola súa banda, o art.º 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art.º 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo tense incorporado ao expediente informe independente desta Intervención de data 19 de outubro de 2015 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se conclúe que o proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos.

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que





requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

a) Contido mínimo. As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2016 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

Materia	Base reguladora
niveis de vinculación xurídica dos créditos	4ª
relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados	13.2ª
regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas	9ª
tramitación dos expedientes de ampliación de créditos	13ª
tramitación dos expedientes de xeración de créditos	10ª
tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos	11ª
normas que regulen o procedimemento de execución do orzamento	14ª e seguintes
desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas	15ª e seguintes
documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga	19ª
forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos	38ª
supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo	14ª
normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa	23ª e 24ª
regulación dos compromisos de gastos plurianuais	26ª

b) Os niveis de vinculación xurídica establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións).
2. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo. Maila o anterior, se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito ou crédito extraordinario, a vinculación será consigo mesma, é dicir, (aplicación orzamentaria) programa de gasto e partida económica.
3. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos





- propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo.
4. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel de vinculación previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos.

c) Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco de xestión orzamentaria e para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei 2/2012, do 27 de abril, estende a determinadas Corporacións Locais, entre as que se atopa o Concello de Vigo, a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia.

Neste sentido, o artigo 31 da citada norma establece que "*O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluírán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.*

A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias".

En consecuencia, O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2016, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

- 1.- (...) o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.
- 2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (...).
- 3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 10 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial."

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,27% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu límite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

d) Dotación a saldos de dudoso cobro.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antiguidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento; polo que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

e) Outros extremos e conclusións.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2016, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financiera, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

Noveno.- Estado de gastos.

O Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 225.930.986,42 euros, o que supón un incremento do 2,37 por cento respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 5.223.177,92 euros máis que no ano 2015. Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva e supón un total de 8.712.608,60 euros de incremento en 2016 sobre 2015, é dicir un 4,08 por cento máis, en termos porcentuais.





**PROYECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS DO
CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS
(DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)**

CAPÍTULOS	PROYECTO DE ORZAMENTO 2016	ORZAMENTO 2015	VARIACIÓN % 16/15
1 GASTOS DE PERSOAL	67.950.460,54	67.152.626,72	1,19%
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	116.743.530,16	114.288.860,61	2,15%
3 GASTOS FINANCEIROS	185.321,53	1.063.749,00	-82,58%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.268.079,13	26.036.072,56	4,73%
5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	600.000,00	200.000,00	200,00%
GASTOS CORRENTES	212.747.391,36	208.741.308,89	1,92%
6 INVERSIÓNS REAIS	9.448.675,77	4.531.016,22	108,53%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	335.000,00	546.133,42	-38,66%
OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	9.783.675,77	5.077.149,64	
GASTOS NON FINANCEIROS	222.531.067,13	213.818.458,53	4,08%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	671.040,48	-0,01%
9 PASIVOS FINANCEIROS	2.728.919,29	6.218.309,49	-56,11%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.399.919,29	6.889.349,97	
TOTAL GASTOS	225.930.986,42	220.707.808,50	2,37%

A distribución do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e Organismos Autónomos por operación, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

Capítulo I: Gastos de persoal.

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2016 ascende a 67.950.460,54 euros, dos cales, 64.055.638,19 euros corresponden ao Concello de Vigo e 3.894.822,35 á XMU. O orzamento total consolidado deste capítulo supón unha incremento do 1,19 por cento respecto ao de 2015.

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen





remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo 1 do estado de gastos recollen as limitacións previstas no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 en canto aos límites ao incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público, que establece no seu artigo 19.DOS que no ano 2016 as citadas retribucións non poderán experimentar un **incremento global superior ao 1 por cento** respecto ás vigentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Ademais as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Así mesmo, establece o citado proxecto de Lei (artigo 19.CATRO) que a masa salarial do persoal laboral, que se incrementará na porcentaxe máxima prevista no apartado dous do artigo 19 (1%), estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social producidos polo devandito persoal en 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

Exceptúanse, en todo caso:

- As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- As indemnizacións ou suplidos por gastos que tivese realizado o traballador.

Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

Según o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida al personal laboral, a suma das cantidades que ao personal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

- Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou peligrosidade para a Policía Municipal e Servicio de Extinción de Incendios.
- Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
- Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:





Base de cálculo: 15.603.042,65 (calculada na D.A. 7ª das bases de execución)

Subconcepto	Descrición	Importe	Porcentaxe	Porcentaxe límite	Importe límite
121.01	Complemento específico	14.189.741,01	90,94%	75%	11.702.282
150.00	Complemento produtividade	500.000,00	3,20%	30%	4.680.912,80
151.00	Gratificacións	500.000,00	3,20%	10%	1.560.304,27
	Base de cálculo	15.603.042,65			

Tendo en conta o exposto, na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total dos citados conceptos retributivos non exceda dos importes máximos sinalados.

Polo que se refire á **plantilla orzamentaria**, o Concello de Vigo recolle no orzamento presentado un total de 1.459 postos de traballo, das que 1.347 xa formaban parte do cadro de persoal municipal, ás que se engaden as 112 dos organismos autónomos municipais en proceso de extinción.

En relación coa **Oferta de Emprego Público**, o proxecto de Lei establece no seu artigo 20 que ao longo do exercicio 2016 unicamente poderá procederse á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos no citado precepto, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores a taxa de reposición (TRE) se fixará ata un máximo do 100 por cento:

- No ámbito da Administración Local, ás correspondentes ao persoal da Policía Local e dos servizos de prevención e extinción de incendios. Nestos casos, poderase alcanzar o cen por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades Locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior coma no orzamento vixente. En relación con este último, a Entidade deberá adoptar un Acordo do Pleno ou órgano competente no que se solicite a reposición das prazas vacantes e no que se poña de manifesto que aplicando esta medida non se pon en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.





- Ás Administracións Públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.
- Ás Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.
- Asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.
- Xestión de políticas activas en materia de emprego.

Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición se fixará ata un máximo do 50 por cento.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario de 2015, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, previstos no apartado anterior e o número de empregados fixos que se tivesen incorporado nos mesmos no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacións que non leven consigo a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que dispón o seguinte:

- “1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.*
- 2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.*
- 3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.*





4. *Incurrirán en responsabilidade, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara.*"

Así mesmo, durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. A estes efectos, a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de xuño de 2014, estableceu aqueles servizos e sectores que se consideran prioritarios no Concello de Vigo aos efectos de dar cumprimento ás limitacións á contratación de persoal temporal previstas nas sucesivas Leis de Orzamentos de cada ano, a cuxo texto me remito.

A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores prioritarios poderá acumularse noutro ou outros dos sectores considerados no citado precepto ou naqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais dalgún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a **acción social**, así como para atender os gastos por **achegas aos plans de pensións** do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU, nos termos previstos no artigo 19 do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, que autoriza á Administración, sempre que non se produza incremento da masa salarial, a realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro tivesen sido subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011.

A estes efectos, forman parte da masa salarial os seguintes conceptos:

- Retribucións Básicas (120).
- Retribucións complementarias (121).
- Retribucións do persoal laboral fixo (130).
- Incentivos ao rendemento (150,151).
- Prestacións sociais (161).
- Gasto retributivo do persoal que está nunha relación laboral indefinida por execución de sentenza.

No caso do Concello, cúmprense os dous requisitos, tanto o referido á data de subscripción do Plan de Pensións como o de non incremento da masa salarial, polo que o Concello de Vigo poderá realizar achegas aos plans de pensións dos traballadores municipais, nos termos previstos no convenio colectivo de aplicación, ata a contía dotada orzamentariamente.





Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As **retribucións dos membros da Corporación municipal** non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de **membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva** non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Así mesmo, o **número de postos de traballo de persoal eventual** incluídos na plantilla non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Tendo en conta que segundo o apartado 4 do artigo 104.bis da LRBRL, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla apareza consignado e só excepcionalmente poderán asignarse, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectise expresamente o seu regulamento orgánico, dende o punto de vista orzamentario, as retribucións do persoal eventual aparecen reflectidas nas aplicacións orzamentarias incluídas na Política de Gasto 91 "Órganos de goberno" da Área de Gasto 9 da clasificación por programas do estado de gastos do orzamento.

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público¹, tamén forman parte da documentación incorporada ao expediente, acta da Mesa Xeral de negociación de data 13/10/2015.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímense suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por

¹ Artículo 37 EBEP . Materias objeto de negociación.

1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:

a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas. (...).





cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

Non obstante, se temos en conta os datos das liquidacións dos cinco últimos exercicios liquidados (2010 a 2014), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9220.1500000 “productividade” e 9220.1510000 “gratificacións” unicamente representan, por termo medio, o 32,04% e o 27,83%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión do servizo de recursos humanos que no ano 2015 se mantexa esta tendencia de gasto.

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2014	150 00	301.437,49	898.562,51	1.200.000,00	1.181.968,44	25,50%	98,50%
2013	150 00	400.000,00	615.479,02	1.015.479,02	888.085,56	45,04%	87,45%
2012	150 00	400.000,00	695.622,31	1.095.622,31	1.044.016,72	38,31%	95,29%
2011	150 00	400.000,00	992.744,61	1.392.744,61	1.217.358,09	32,86%	87,41%
2010	150 00	150.000,00	987.292,42	1.137.292,42	812.427,68	18,46%	71,44%

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2014	151 00	500.000,00	976.910,28	1.476.910,28	1.448.358,36	34,52%	98,07%
2013	151 00	500.000,00	1.014.326,00	1.514.326,00	1.472.177,68	33,96%	97,22%
2012	151 00	500.000,00	970.619,23	1.470.619,23	1.460.875,30	34,23%	99,34%
2011	151 00	500.000,00	1.332.024,04	1.832.024,04	1.825.167,86	27,39%	99,63%
2010	151 00	200.000,00	2.194.875,38	2.394.875,38	2.206.321,26	9,06%	92,13%

Por este motivo, tendo en conta que as dotacións iniciais previstas nas citadas aplicacións orzamentarias para o ano 2016 establécense en 500.000 euros para cada unha delas, a previsible insuficiencia de crédito orzamentario para atender as obrigas xeradas con cargo ás mesmas -especialmente no caso das gratificacións-, corríxase, de ser o caso, mediante a/as oportuna/s modificacións de créditos que se tramiten con cargo ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas dotadas orzamentariamente.

O mesmo pode concluírse con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación “outras modalidades de nomeamento persoal temporal non permanente”, aplicación 9220.1400000 –cunha dotación inicial prevista de 380.000 euros-, dado que, tal e como pon de manifesto a xefatura de recursos humanos no seu informe ao capítulo 1 do estado de gastos do orzamento, “*Ainda que o nomeamento de persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación 920.0.1400000 vense incrementando ano tras ano*”, prevendo





este servizo no ano 2016 un incremento de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas. A estes efectos, recordar que o gasto imputado no ano 2014 a esta aplicación foi de 1,73 millóns de euros, estando previsto un gasto de 1,8 millóns no presente exercicio 2015.

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

Finalmente, o capítulo 1 non recolle nas aplicacións orzamentarias consignacións para facer fronte a posibilidade recollida no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 de recuperar parcialmente -o personal ao servizo do sector público- a paga extraordinaria e adicional do mes de decembro do ano 2012, que foi suprimida por aplicación do RDL 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e o fomento da competitividade, polo que para facer fronte, de ser o caso, ao citado gasto, deberán tramitarse os oportunos expedientes de modificación orzamentaria verificándose os principios de estabilidade orzamentaria e o cumprimento do teito de gasto, ou ben empregar as dotacións non consumidas correspondentes ás prazas vacantes non cubertas temporal ou interinamente e dotadas orzamentariamente.

- **Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.**

O Proxecto de Orzamentos do Capítulo II ascende a 115.303.289,79 euros, que supón unha variación do 7,71 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2015, e representa un 51,09 por 100 respecto do total do orzamento e un 54,16 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2015 é do 2,15 por 100.

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 116.743.530,16 euros, representa o 51,67 por 100 sobre o orzamento total e o 54,87 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

Este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo. De acordo á Memoria e ao informe económico, están dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións contractuais -en todos aqueles casos nos que non se tivese renunciado a este dereito pola entidade prestadora do mesmo-, que se limitaron as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 19 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Para garantir o control dos gastos correntes non financeiros, aplícase o sistema de calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade proponente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia pola mesma contía, ou ben aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay-go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria. Seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos gastos financiados con baixas noutras partidas.

- **Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.**

O **Capítulo 3** do Orzamento Consolidado para 2016 ascende a 185.321,53 euros, destinados basicamente ao pagamento de intereses da débeda, importe que supón unha redución do 82,58 por cento respecto aos créditos consignados inicialmente o ano anterior, ou o que é o mesmo unha minoración en termos absolutos de 878.397,47 euros.

O peso ponderado do capítulo sobre o total do Orzamento pasa do 0,49 por cento de 2015 ao 0,08 por cento deste ano.

Tendo en conta as características e condicións das operacións a longo prazo pendentes de reembolso, así como que no exercicio 2016 non se prevé concertar ningunha nova operación a longo prazo para o financiamento das inversións, as consignacións orzamentarias incluídas no capítulo 3 de gastos considéranse suficientes para facer fronte ao pagamento dos gastos financeiros do exercicio, sen preuixo das posibles variacións derivadas das modificacións experimentadas polos tipos de interese de referencia. Como queira que todas as operacións vixentes están concertadas a tipos de interese variable, referenciadas ao euribor a 3 meses máis o diferencial que corresponda a cada período de liquidación, para realizar o cálculo dos intereses estimados tomouse como tipo de referencia euribor un tipo estimado do 1,5%.

Os gastos financeiros están calculados tendo en conta o plan de amortización ordinario dos pasivos, isto é, sen ter en conta o impacto positivo das posibles amortizacións extraordinarias que se poidan realizar ao longo do exercicio.

Non se contemplan neste capítulo gastos financeiros devengados como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal.

O **Capítulo 9** do orzamento recolle as dotacións orzamentarias precisas para facer fronte ás amortizacións ordinarias anuais de todas e cada unha das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso a 1 de xaneiro do exercicio 2016, de acordo cos calendarios de amortización das operacións realizados según as condicións pactadas nos contratos asinados coas entidades financeiras.

O volume das amortizacións para o ano 2016 (2.728.919,29 euros) que se recollen no Capítulo 9 de Gastos, se corresponde cos seguintes vencementos:





Ide. Débeda	P. 01/01/2015	A.ord/extr.2015	P. 31/12/2015	Amt. Ord.2016	P.31/12/21016
Caixagalicia 2005	1.509.390,26	-1.509.390,26	0,00	0,00	0,00
Ptmo. BCL2008	6.216.103,06	-1.554.025,76	4.662.077,30	-1.554.025,76	3.108.051,54
Caixanova 2009	3.027.218,14	-605.443,63	2.421.774,51	-605.443,63	1.816.330,88
Pt. BBVA 2010	11.216.699,37	-8.369.449,89	2.847.249,48	-569.449,90	2.277.799,58
Pt. BSCH 2014	4.756.254,68	-4.756.254,68	0,00	0,00	0,00
T. D. Financeira	26.725.665,51	-16.794.564,22	9.931.101,29	-2.728.919,29	7.202.182,00

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso.

A carga financeira do Orzamento Consolidado para 2016 supuxo un aforro de 4.367.787,67 euros sobre o ano anterior e un peso (no conxunto dos capítulos 3 e 9) do 1,29 por cento fronte ao de 2015 que representaba o 3,30 por cento.

As devanditas baixadas son debidas, en parte, á redución das amortizacións presupostadas para 2016 (2.728.919,29 euros), fronte ás previstas no orzamento para o ano 2015 (6.218.309,49 euros). Ademais, tamén son debidas, á caída que experimenta o capítulo 3 de gastos como consecuencia da redución da débeda motivada polas amortizacións ordinarias e polas amortizacións extraordinarias anticipadas levadas a cabo nos anos 2013, 2014 e 2015 por un importe conxunto de 37.623.606,53 euros.

- Capítulo 4: Transferencias correntes.

No estado de gastos prevese a concesión directa de **subvencións nominativas**, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Pola súa beira, o artigo 65 do RLXS define as subvencións nominativas como aquelas nas que o obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen designados expresamente no estado de gastos do orzamento, razón pola que entendo que resultaría recomendable incluír anualmente nas Bases de Execución dos Orzamentos o detalle das subvencións nominativas incluídas nos estados de gastos do orzamento anual –beneficiario e importe-, coa especificación do seu obxecto ou xustificación.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente





crédito orzamentario. Por conseguinte, parece que, nestas subvencións, a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Ademais, tendo en conta que o crédito orzamentario nominativo conleva un trato singular a favor dun terceiro –o beneficiario-, resultaría convinte que na documentación que integra o expediente orzamentario, memoria ou informe económico-financieiro de gastos, tal singularización se motive ou xustifique adecuadamente.

Por fin, lémbrese a conveniencia de incorporar como subvencións nominativas nos orzamentos aquelas que regularmente se veñen concedendo, ano tras ano, a determinadas persoas ou entidades por razón de interese público, social, económico ou humanitario ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións, dado que nestes supostos a citada norma prevé a súa concesión de forma directa con carácter excepcional.

En canto ás dotacións ao Transporte Urbano colectivo increméntase as dotacións do ano anterior, resultando, á vista da documentación incorporada ao expediente, suficientes para facer fronte ás obrigas coa entidade concesionario e ás políticas sociais de transporte postas en marcha polo Concello de Vigo.

Coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir o principio de concorrencia, despois dos anos transcorridos, resultaría convinte continuar coa tramitación administrativa da Ordenanza que xa foi informada polo servizo de fiscalización con data 13 de novembro de 2012.

A todo o proceso de concesión de subvencións, aos efectos de dar cumprimento ao contido da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, darase a publicidade de todas as contías e suxeitos beneficiarios polas mesmas.

- **Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.**

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro, investimentos e transferencias de capital, por importe de 9.783.675,77 euros, que se financian na súa totalidade con superávit corrente non financeiro. Non consta, polo tanto, compromiso algún doutras Administracións Públicas ou axentes privados para financiar investimentos conxuntamente coa Entidade Local.

O capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiación inclúese na Memoria e no Anexo de Inversións do Orzamento Xeral para o exercicio 2016.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 22 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



As aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2016 dos compromisos de investimentos plurianuais.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte.

No anexo de investimentos e no estado de gastos do orzamento consta a partida 3420 6320002 "Invest. C. de futbol C. Hogar e Cabral, Carballal" cunha dotación inicial de 900.000,00 euros. Tal aplicación orzamentaria entendo que se refire á previsión de realizar investimentos nunhas instalacións deportivas que non son de propiedade municipal.

A este suposto, realización de obras en terreos que non son propiedade do órgano de contratación, tense referido a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no Informe 13/09, de 25 de setembro de 2009, nos seguintes termos:

"Una de las características del contrato de obras es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

La disponibilidad de los terrenos como documento incorporado al replanteo del proyecto, trámite que se verifica nuevamente en el acto de comprobación de replanteo, regulado en el artículo 212 de la Ley y en el artículo 139 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, tiene por finalidad garantizar que el órgano de contratación dispone efectivamente de los terrenos sobre los que se ejecutarán las obras tanto en cuanto se refiere a la instrumentación del expediente como respecto de la posición que el contratista asume en el contrato, configurándose como señalamos por tal motivo como un requisito básico del contrato de obras.

La disponibilidad de los terrenos se acredita mediante el documento de titularidad del mismo con expresión de su libre disposición previo cumplimiento, respecto de las Entidades locales, de las disposiciones establecidas al efecto en el Reglamento de bienes de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio,





de las que cabe destacar la obligación de inscripción del bien en el Registro de la Propiedad y la incorporación al inventario de los bienes y derechos de la Entidad local.”

En definitiva, nos contratos de obras, consonte ao disposto no artigo 126 do TRLCSP, previamente á tramitación do expediente de contratación deberá procederse a efectuar o replanteo do proxecto, que consiste, entre outros extremos, en verificar a disponibilidad dos terreos precisos para a súa execución, polo que, no caso que nos ocupa, tal disponibilidad requirirá a previa cesión dos bens por un período de tempo determinado.

Neste sentido, compre lembrar que a adscripción ou cesión gratuíta do uso de bens e dereitos, cando se realice por un período de tempo indefinido ou cando menos similar á vida económica do ben, suporá para a entidade receptora o tratamento como una subvención en especie recibida, dando de alta os bens polo seu valor razoable, e contablemente realizarase un cargo á conta (21) Inmovilizacións materiais e, polo contrario, cando a cesión se realice por un período de tempo inferior á vida económica do ben, a entidade beneficiaria rexistrará un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido.

Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2016, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 225.930.986,42 euros, con un incremento do 2,06% por cento respecto ao exercicio 2015.

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2016, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2015, se recolle no seguinte cadro:

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO CONCELLO DE VIGO E XMU (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULO)

CAPÍTULOS	PROXECTO DE ORZAMENTO 2016	ORZAMENTO 2015	VARIACIÓN % 16/15
1 IMPOSTOS DIRECTOS	103.831.645,34	102.241.340,00	1,56%
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	7.709.710,00	6.501.120,00	18,59%
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	38.072.066,96	39.221.547,86	-2,93%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	73.454.173,76	69.495.611,58	5,70%
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.192.390,36	3.237.323,17	-32,28%
OPERACIONES CORRENTES	225.259.986,42	220.696.942,61	2,07%
6 ENAXENACIÓN INVERSIÓN REAIS	0,00	0,00	0,00%





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00%
OPERACIONS DE CAPITAL NON FINANC.	0,00	0,00	0,00%
INGRESOS NON FINANCEIROS	225.259.986,42	220.696.942,61	2,07%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	670.040,48	0,14%
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00%
OPERACIONS FINANCEIRAS	671.000,00	670.040,48	0,14%
TOTAL INGRESOS	225.930.986,42	221.366.983,09	2,06%

Polo que se refire á estrutura do Proxecto de Orzamento de Ingresos 2016, os ingresos correntes supoñen o 99,7 por cento do total, isto é, a práctica totalidade dos ingresos municipais, e os de capital o 0,3 por cento, mantendo practicamente o mesmo peso específico dos ingresos correntes sobre o total que no exercicio precedente.

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 61,54% por cento dos ingresos totais. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,67 por cento destes, os indirectos o 5,54 por cento e as taxas o 19,79 por cento restante.

- **Capítulos 1 a 3.**

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) se realizou sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos dous últimos exercicios liquidados (2013 e 2014) a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos aproximouse aos importes inicialmente presupostados.

2014	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-300.464,55	-0,29%
CAP. 2	6.501.120,00	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	1.000.416,07	15,39%
CAP. 3	35.251.477,40	34.063.709,59	2.857.363,54	36.921.073,13	1.669.595,73	4,74%
TOTAL	143.993.937,40	135.394.141,29	10.969.343,36	146.363.484,65	2.369.547,25	1,65%

2013	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
------	-------------	---------------	---------------	------------	------------	---





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

CAP. 1	101.703.710,00	92.224.924,69	6.438.370,03	98.663.294,72	-3.040.415,28	-2,99%
CAP. 2	6.749.060,00	6.099.230,96	300.940,86	6.400.171,82	-348.888,18	-5,17%
CAP. 3	35.051.477,40	35.420.138,83	3.090.533,72	38.510.672,55	3.459.195,15	9,87%
TOTAL	143.504.247,40	133.744.294,48	9.829.844,61	143.574.139,09	69.891,69	0,05%

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2014 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2015
- Unha estimación de ingresos para o ano 2016 derivada das actualizacións dos tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria de 28 de setembro de 2015, así como das reducións de tipos e tarifas aprobadas en sesión de 4 de setembro de 2014.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos derivadas do Plan de Control tributario de 2016 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizan os Servizos de Xestión Tributaria e Catastral.
- Estímase un incremento de inmobles do Padrón Fiscal de Bens de Natureza Urbana como resultado das actuacións do Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello. O incremento de unidades catastrais serve de mecanismo compensador de dúas incidencias en sentido negativo: o tipo impositivo de 2016 é un 0,23% inferior ao de 2014, e o número de unidades catastrais urbanas reducirase para 2016 en aproximadamente 3.000, correspondentes a solos urbanizables sen ordenación detallada que pasarán a ser calificadas como bens de natureza rústica, de conformidade coa Lei 13/2015, de 24 de xuño, de modificación da Lei do Catastro Inmobiliario.

A xuízo desta Intervención, a cuantificación dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, aparecen xustificadas no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, estimándose adecuadas as previsións incluídas no mesmo.

- Fondo complementario de financiación e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2016, foron as notificadas oficialmente polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento), deducidas as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008 e 2009 por importe de 2.654.066,52 euros, toda vez que estas deducións son practicadas mensualmente polo Estado nas entregas a conta. As deducións fanse íntegramente no concepto 42010, por ser este no que se fan





as compensacións. Sobre esa contía, engadéselle a liquidación comunicada do FCF do ano 2014 que será ingresada no ano 2016, positiva e por importe de 3.326.380,00 euros.

En canto á Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantense a contía dos anos 2014 e 2015 en 6.199.366,92 euros, comunicada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

- Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2016 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

Undécimo.- Endebedamento e aforro neto.

No entanto o dito con anterioridade, e a efectos meramente informativos, facemos constar o aforro neto e o nivel de endebedamento que terá o Concello de Vigo o 1 de xaneiro do ano 2016, una vez realizadas as amortizacións ordinarias correspondentes ao ano 2015, o 31 de decembro de dito ano, xa que destas magnitudes derívanse consecuencias, por exemplo, para determinar a taxa de reposición de efectivos en determinados sectores ou para determinación o réxime de autorización nos supostos de concesión de avais.

Cálculo do aforro neto (art. 53 TRLFL):

Aforro Neto	Importe
Dereitos liquidados capítulos I a V do estado de ingresos (1)	233.370.663,29
Ingresos afectados a operacións de capital (2)	972.294,13
Ingresos extraordinarios (3)	0,00
Ingresos correntes axustados (4)=(1)-(2)-(3)	232.398.369,16
Obrigas recoñecidas capítulos I, II e IV do estado de gastos (5)	202.211.184,78
Obrigas recoñecidas derivadas de modificacións de créditos financiadas con RLT (6)	2.238.197,76
Obrigas recoñecidas axustadas (7)=(5)-(6)	199.972.987,02
Anualidade teórica de amortización da operación proxectada (8)	0,00
ATA préstamos l/p pendentos de reembolso (9)	2.855.988,52
Anualidade teórica de amortización total (10)=(8)+(9)	2.855.988,52





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Aforro neto (11)=(4)-(7)-(10)	29.569.393,62
--------------------------------------	----------------------

Cálculo de Anualidade Teórica de Amortización (A.T.A.):

ENTIDADE	CAPITAL COMPUTABLE A.T.A.	SISTEMA DE CÁLCULO A.T.A.	TAE PARA O CÁLCULO	DURACIÓN DA OPERACIÓN	ANUALIDADE TEÓRICA $A=(C*i)/(1-(1+i)^{-n})$
BBVA 2008	4.662.077,30	FRANCÉS	1,5650%	3	1.602.918,54
CAIXANOVA 2009	2.421.774,51	FRANCÉS	2,1000%	4	637.559,67
BBVA 2010	2.847.249,48	FRANCÉS	2,6500%	5	615.510,31
					2.855.988,52

Cálculo do nivel de endebedamento a 1 de xaneiro de 2016:

Coeficiente de endebedamento	Importe
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto prazo (1)	0,00
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo (2)	9.931.101,29
Risco deducido de avais (3)	0,00
Importe da operación proxectada (4)	0,00
Volume total do capital vivo (5)=(1)+(2)+(3)+(4)	9.931.101,29
Ingresos correntes axustados (6)	232.398.369,16
Coeficiente de endebedamento (7)=((5)/(6))*100	4,27 %

Duodécimo.- Tramitación e competencia.

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- **Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).
- **Presentación de enmendas.** Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo





para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.

- **Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.
- **Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.
- **Publicidade.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.
- **Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houberse entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.





CONCLUSIÓNS:

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2016, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, pódese concluír o seguinte:

- Ao proxecto de orzamento xeral acompañanse os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.
- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.
- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2016 presenta un superávit por operacións correntes de 12.512.595,06 euros, un superávit por operacións non financeiras de 2.728.919,29 euros, un aforro bruto de 11.682.682,54 euros, e un aforro neto orzamentario de 8.953.763,25 euros, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.
- No ano 2016 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no orzamento -inversións e transferencias de capital- co superávit corrente non financeiro.
- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2016 non conteñen prevención algunha que modifique ou contradiga a normativa vixente en materia económico-financeira e orzamentaria.
- As aplicacións orzamentarias incluídas no estado de gastos están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.
- A cuantificación dos importes que aparecen consignados no orzamento de ingresos aparece xustificada no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos e no resto da documentación incorporada ao expediente, estimándose adecuadas as previsións incluídas no mesmo.

Por todo canto antecede, esta Intervención **informa favorablemente** o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2016, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes observacións e recomendacións.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2015 12:17	Páxina 30 de 31
Expediente 31/142	Código de verificación: 24ED3-EE52B-83A32-2B22B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Observacións:

1. A aprobación do Orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016 atópase condicionado á efectiva extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo, con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016, de modo que de non producirse ésta, ou de ter lugar nunha data posterior, os acordos adoptados no presente expediente adolecerían dun vicio de nulidade.
2. Na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Recomendacións:

1. Resultaría convinte que na documentación que integra o expediente orzamentario –memoria, informe económico-financiero ou bases de execución dos orzamentos-, se motive ou xustifique adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, indicando o seu obxecto.
2. Durante o exercicio orzamentario, deberá extremarse o control e seguimento dos gastos financiados cos créditos do capítulo 6 (inversións), para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos, e non por en risco a estabilidade orzamentaria anual nin a superación do teito de gasto como consecuencia da tramitación de expedientes de incorporación re remanentes de crédito.

É canto teño a ben informar.

Vigo, 21 de outubro de 2015
O Interventor Xeral,
Asdo.: Alberto Escariz Couso

